



ORZAMENTOS DE 2019 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA

II. ORZAMENTOS DE 2019 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA

Os orzamentos que se presentan neste documento son os aprobados como iniciais para o ano 2019, para as catro deputacións galegas, presentados aquí de xeito sistemático e conxunto, coa mesma metodoloxía das memorias das deputacións dos anteriores orzamentos.

Nesta memoria preséntanse os orzamentos das catro deputacións provinciais de Galicia e o orzamento suma das catro para o ano 2019, que acompañan aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020. A fonte de información son os orzamentos das entidades analizadas, sendo esta Memoria unha breve presentación agregada dos datos contidos neles. Recoméndase, para calquera dúbida, consultar a documentación completa que figura publicada nas páxinas web de cada deputación provincial. Con motivo dos cambios legislativos dos últimos anos no eido orzamentario, sintetízanse en primeiro lugar as normas que regulan as facendas locais e os seus orzamentos.

Legislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, lei reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL)
- R.D. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, do texto refundido da lei reguladora das facendas Locais (artigos 162 a 171)
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificada pola LO 9/2013 do 20 de decembro de control de débeda comercial no sector público, sendo de aplicación o R.D. 1463/2007, de 2 de novembro, REO, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 15/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais.
- R.D. 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da LXEP
- R.D. 500/1990, de 20 de abril, regulamento orzamentario
- Os orzamentos preséntanse segundo o disposto na Orde 3565/2008 do 3 de decembro, que establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde 419/2014, do 14 de marzo

No que respecta aos ingresos, atenderase ao ANEXO IV relativo á clasificación económica do ingreso, isto é, separando as operacións correntes, as de capital e as financeiras, de acordo coa estrutura de capítulos, artigos, conceptos e subconceptos. A clasificación dos gastos, recóllese nos anexos I ao III, o primeiro deles para a clasificación por programas o segundo para a táboa de equivalencias entre a clasificación da normativa anterior e a actual e o anexo III refírese á clasificación económica dos gastos.

A estrutura dos orzamentos tendo en conta a natureza económica dos seus ingresos e gastos e as finalidades e obxectivos que con estes últimos se pretendan conseguir. Igualmente poderán clasificar os gastos e ingresos atendendo á súa propia estrutura cos seus regulamentos ou decretos de organización, segundo o estipulado no artigo 2.

Os estados de gastos dos orzamentos das entidades locais clasificaranse cos seguintes criterios:

- Por programas. (dentro desta os gastos clasifícanse por Área de gasto / política de gasto / grupo de programa / programa de gasto)
- Por categorías económicas.
- Opcionalmente, por unidades orgánicas (non se recolle este criterio nesta memoria).

Nesta memoria soamente se presentan os gastos coas dúas clasificacións obrigatorias: por categorías económicas e por programas.

Os datos dos orzamentos están expresados en euros correntes de cada ano.

En primeiro lugar, represéntanse, cuns gráficos de sectores, as diferentes porcentaxes que o orzamento de cada deputación achega ao total das catro (toda Galicia), tanto en termos absolutos como en euros per cápita. (coa poboación a 1 de xaneiro de 2019, datos provisionais do Instituto Galego de Estatística).

Séguelle un resumo da estrutura de ingresos das facendas provinciais galegas en 2019 recollendo as diferentes porcentaxes que os agregados de ingresos representan para o conxunto das catro deputacións e de cada unha delas. Ao que se engaden uns breves apuntamentos coa comparativa da estrutura de ingresos dos orzamentos dos concellos de Galicia, e coas facendas provinciais do total de España.

A continuación reflíctense as principais liñas orzamentarias do orzamento de ingresos de 2019 e a súa comparativa co do ano 2018 do total deputacións e de cada unha delas por separado.

A descrición dos orzamentos provinciais comeza cunha distribución do total entre as catro e a comparativa co ano anterior, séguelle a presentación nunha táboa da distribución por capítulos e agregados orzamentarios principais do ano 2019, cos importes e porcentaxes respecto do total, xunto á comparativa co orzamento inicial do ano anterior, mostrando as variacións en porcentaxe, de cada capítulo e agregado.

Así mesmo reflíctese nunha gráfica a comparativa entre os dous últimos anos dos diferentes pesos porcentuais por capítulos.

Os orzamentos aquí reflectidos son os resultantes da consolidación entre os das deputacións e os organismos autónomos, segundo o disposto no artigo 147.1.c. da Lei 39/1988 e o artigo 12.b. do R.D. 500/1990, unha vez descontadas as transferencias internas.

Ao respecto, convén resaltar que desde o orzamento de 2013, producíronse importantes cambios, pola aplicación do principio de racionalización da administración e dos recursos públicos, coa simplificación da estrutura organizativa.

Neste informe os datos orzamentarios son os seguintes:

1. Deputación da Coruña. Orzamento: 183.609.300 €
2. Deputación de Lugo. Orzamento: 88.467.006,58 €
3. Deputación de Ourense. Orzamento: 82.700.000 €
4. Deputación de Pontevedra. Orzamento: 157.962.348 €

